

LAST CHANTS FOR A SLOW DANCE

1201

Jon Jost, 1977

ESTREA EN NUMAX: 28.II.2023 | V.O.S.E. | +16

Un home insatisfeito coa súa vida laboral e familiar abandona a súa casa, muller e fillos, para vagar durante semanas a través do estado de Montana. Unha road movie terminal, retrato dun home misántropo e amargado.

O pase contará coa presentación do crítico e programador Javier Trigales

«Unha obra visionaria. Semella o filme que Brakhage faría se o obrigasen a dirixir unha obra narrativa sobre un vagabundo psicópata»

Jessica Kiang, VARIETY



LAST CHANTS FOR A SLOW DANCE

Jon Jost, 1977

EUROPEAN
CINEMA
Creative Europe MEDIA

No fun

Por Jesús Cortés

Filmada cun orzamento de apenas dous mil dólares, na eterna gran depresión das vilas de Montana, coa vida fuxindo polo retrate da televisión de madrugada, pouca graza teñen as imaxes de Last Chants for a Slow Dance, parente tolleito, solitario e de sangue frío do éxito "redneck" Rancho Deluxe (1975), de Frank Perry. Unha das seis únicas obras nas que interveu o actor Tom Blair e terceira longa dirixida por Jon Jost, que iniciaba unha estraña triloxía. Las Chants... captura a ritmo de country adurmiñado toda a podremia vagabunda que alimentaba os discos das bandas de rock máis agresivas e autodestrutivas da historia. Se cadra se algunha delas soase na banda sonora o filme sería hoxe un clásico.

Cunha ducia das escenas máis sedadamente violentas que se teñan rodado, Jost manda ao inferno a Tom Bates, finalmente un asasino de rostro desencaixado tras ir matando antes o orgullo, a relación de parella, as obrigas como pai e a pouca virtude do último ligue de motel mentres tentaba "fuxir". Non se trata dun estudo de caracteres, nin moito menos un retrato colectivo dun momento (1977) tan malo coma calquera outra para os parias perdidos no corazón de América. Last Chants for a Slow Dance non rima con retrouso algún. Aquí non hai carisma, nin moral quebrantada, nin destino, nin futuro. Só vítimas. Máis próxima en realidade ao Elephant (1989) de Alan Clarke que ao Detour (1945) de Edgar G. Ulmer, calquera curta experimental anterior ou filme posterior de Jost ten máis pretensións que esta, que se beneficia da ollada glacial que non calla co melodrama nin coa comedia, se cadra desequilibrada e incomprendible, sen Deus nin Díaño con paciencia para aturar as súas cancións.

Publicado en <http://postcefalu.blogspot.com/>
Traducido do español

Caleixón sen saída

Por Jonathan Rosenbaum

É lamentable que Jon Jost non sexa unha figura máis coñecida. Last Chants for a Slow Dance é unha road movie en gran medida esquecida que encaixa na tradición de grandes filmes como Badlands (Terrence Malick, 1973). É un traballo ás veces tosco pero inequivocamente visionario. Dalgún xeito sentimos que sería o filme que faría Stan Brakhage se lle encargan unha longametraxe narrativa sobre un vagabundo psicópata. Aínda que a meirande parte do filme se compón de tomas longas case documentais, a cada paso ameaza con virar cara á completa abstracción da confusa viaxe do antiheroe, transmitindo a sensación do que debe ser conducir por un interminable treito de estrada ás 3 da madrugada cunha canción country na radio que comenta ironicamente os erros da túa vida.

Publicado en Chicago Reader
Traducido do inglés